

ESTATUTOS

ASOCIACIÓN GALEGA DE ENSINANTES DE ECONOMÍA EN SECUNDARIA (AGAEDES)

CAPITULO I.- Denominación, fins, domicilio e ámbito territorial de acción.

Artigo 1.- Constitúese a **ASOCIACIÓN GALEGA DE ENSINANTES DE ECONOMÍA EN SECUNDARIA (AGAEDES)**, ao amparo do previsto no Artigo 22 da Constitución Española de 1.978; do establecido na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación; do Decreto 336/1996, de 13 de setembro; do Decreto 276/1997, de 25 de setembro, e das demais disposicións legais que lle sexan de aplicación. O réxime da asociación determinarase polo disposto nos presentes estatutos.

Artigo 2.- Os fins da asociación serán :

- A.- Defender a calidade do ensino da economía na educación secundaria obrigatoria e post-obrigatoria en tódolos seus aspectos.
- B.- Coñecer a situación do ensino da economía en secundaria en todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega, propoñendo ás distintas administracións educativas as medidas necesarias para a súa mellora.
- C.- Defender os intereses da especialidade de economía en secundaria, en tódolos seus aspectos.
- D.- Promover e intensificar o marco interdisciplinar da economía.
- E.- Promover e desenvolver cantas actividades se estimen oportunas, encamiñadas á formación do profesorado de economía en secundaria; ademais de colaborar con institucións de diversa índole: Universidades, CFRs,... neste sentido.
- F.- Organizar e promover cantas actividades con pais e alumnos se considere de interese, para a mellora do ensino e a aprendizaxe da economía; con especial atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas actividades incluírán olimpíadas, rallys, concursos de carácter educativo, xornadas, seminarios, cursos, encontros... Establecese como actuación prioritaria a organización da olimpíada de economía en Galicia, e a colaboración nas olimpíadas de carácter estatal que se organicen.

- G.- Promover o desenvolvemento dunha didáctica específica acorde cos contidos curriculares e o grao de madureza dos alumnos, e crear e divulgar materiais didácticos apropiados, facilitando o seu uso aos asociados.
- H.- Fomentar a participación en calquera foro de debate relacionado coa docencia da Economía.
- I.- Servir como nexo entre os asociados para intercambiar experiencias profesionais e ideas.
- J.- Impulsar o desenvolvemento das investigacións relativas á didáctica da economía, así como a súa implantación nos centros docentes.
- K.- Colaborar na defensa dos intereses dos afiliados ante as Administracións Educativas por calquera feito que menoscabe a situación profesional e/administrativa dos mesmos.

Artigo 3.- O domicilio social da asociación establécese no IES Universidade Laboral de Ourense, domiciliado na Avenida da universidade s/nº, da cidade de Ourense. Podendo ser variado cando así o acorde a Asemblea Xeral e sexa comunicado aos membros asociados.

Artigo 4.- O ámbito de actuación será o territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, aínda que non se exclúen a realización de actividades en outros ámbitos.

CAPITULO II.- Dos órganos directivos e da administración.

Artigo 5.- A Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Galiza estará rexida polos seguintes órganos de goberno:

- Asemblea Xeral.
- Xunta Directiva.

Artigo 6.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación, e os acordos válidos da mesma serán de obrigado cumprimento para tódolos membros. Estará constituída por tódolos membros integrantes da Asociación. Os acordos serán tomados mediante o recuento de votos que emitirá cada un dos membros asistentes e se tomarán por maioría simple de votos, (non computándose a estes efectos, os votos en branco ou nulos), salvo nos casos en que estes Estatutos ou a lei sinalen maiorías cualificadas. Para a súa convocatoria poderase utilizar as tecnoloxías da información e comunicación (como o correo electrónico), debendo figurar na mesma o lugar, data e hora da reunión, así como a orde do día. Cada socio pode representarse a si mesmo e a dous máis, agás para modificar os estatutos, disolver a asociación, disposición

ou enaxenación de bens, destitución da Xunta Directiva, ou dalgún dos seus membros. Nestes casos esixirase as dúas terceiras partes dos asociados presentes.

O socio que desexe delegar o seu voto noutro Asociado, debe comunicarllo á Xunta Directiva, mediante escrito dirixido ó Presidente. En dito escrito indicaranse os seguintes datos: nome, apelidos, DNI e sinatura; a data da Asemblea, e os puntos da orde do día nos que delega o seu voto, así como os datos da persoa en quen delegue.

Artigo 7.- A Asemblea Xeral poderá ser:

- a) Ordinaria.
- b) Extraordinaria.

As ordinarias serán convocadas pola Presidencia, alomenos unha vez ao ano.

As extraordinarias celebraranse:

- a) Cando o soliciten, alomenos, a cuarta parte dos asociados en escrito razoado, indicando o tema a tratar, á Xunta Directiva, a cal haberá de convocar a Asemblea no prazo de quince días. En ningún caso transcorrerán máis de trinta días entre a data de recepción da solicitude de convocatoria e a data de celebración da Asemblea.
- b) Nos casos previstos nestes Estatutos, en que sexa necesaria a súa convocatoria.

Artigo 8.- As Asembleas Xerais Ordinarias convocaranse cun mínimo de dez días de antelación, podendo reducirse este prazo a tres días, no caso de Asembleas Xerais Extraordinarias, cando a urxencia o demande.

Artigo 9.- A mesa da Asemblea Xeral estará formada polos titulares da Presidencia, Vicepresidencia e Secretaría.

Artigo 10.- As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, cando concorran a ela a metade máis un dos asociados; e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número dos asociados presentes. Entre a primeira e a segunda convocatoria mediará, como mínimo, trinta minutos. No caso das asembleas extraordinarias quedarán validamente constituídas cando ademais estean representados a totalidade dos socios que solicitasen a súa convocatoria. Para poder asistir e votar nas asembleas, os asociados/as deben estar ao corrente dos pagos das cotas dese ano alomenos con dous días de antelación ao momento de celebración das mesmas.

Artigo 11.- Cada asociado disporá dun voto, sendo admitida a delegación do mesmo noutro asociado, salvo nos casos descritos no artigo 6, e sempre que esta sexa por escrito.

Artigo 12.- Corresponde á Asemblea Xeral:

- a. Determinar a modificación da cota anual e o establecemento de cotas extraordinarias a satisfacer polos asociados.
- b. Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- c. Aprobar ou rexeitar, os presupostos económicos do ano elaborados pola Xunta Directiva.
- d. Aprobar ou rexeitar, as contas de ingresos e gastos presentados pola Xunta Directiva.
- e. Autorizar a adquisición, enaxenación ou permuta, a título oneroso ou gratuíto, dos bens inmobles.
- f. Autorizar a concertación de créditos e préstamos.
- g. Aprobar o proxecto de actividades a realizar durante o ano seguinte, e a memoria das realizadas no anterior.
- h. Elixir de entre os asistentes, ás persoas que han de cubrir as vacantes que puideran existir na Xunta Directiva.
- i. Decidir sobre o cese nos cargos dos membros da Xunta Directiva, cando o cesado apele a resolución desta.
- j. Decidir sobre os recursos presentados contra os acordos da Xunta Directiva.
- k. Modificar e aprobar os Estatutos da Asociación.
- l. Decidir sobre o ingreso e separación en calquera Asociación u Organismo tanto internacional, como nacional, autonómico ou local.
- m. Acordar a disolución da asociación e a maneira de realizala, de acordo con estes Estatutos.

Na Asemblea Xeral Ordinaria de cada ano, a Xunta Directiva deberá incluír necesariamente na orde do día, os asuntos detallados nos apartados b), c), d) e g).

Artigo 13.- A Xunta Directiva é o órgano de representación, xestión e administración da Asociación. Será a encargada de velar dun xeito directo e permanente acerca do cumprimento dos fins e a boa marcha dos intereses durante todo o exercicio social. Deberá cumprir os estatutos e executará os acordos da Asemblea Xeral.

Artigo 14.- A Xunta Directiva estará formada por:

- Presidencia.
- Vicepresidencia.
- Secretaría.

Artigo 15.- A duración do mandato dos membros da Xunta Directiva será de tres anos, podendo ser reelixidos por outros tres mais. Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos. Serán elixidos en Asemblea Xeral.

Artigo 16.- A Xunta Directiva reunirse cando o determine o seu Presidente/a, e a iniciativa ou petición de dous dos seus membros. Quedará constituída cando asistan a metade máis un dos seus membros, e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente/a será de calidade.

Artigo 17.- É competencia da Xunta Directiva o seguinte:

- a. Aprobar os presupostos económicos e proxectos de actividades, que vaian ser sometidos á Asemblea Xeral.
- b. Distribuír os fondos económicos, segundo o presuposto aprobado en Asemblea Xeral, tendo facultade para reaxustar aqueles, se os ingresos non foran os previstos ou non se recibiran no tempo calculado.
- c. Aprobar a adquisición de bens, que non teñan a consideración de inmobles.
- d. Contratar servizos e persoas necesarios para o desenvolvemento das actividades da asociación así como rescindir os contratos.
- e. Admitir e dar de baixa aos membros da Asociación con suxeición ao disposto nestes Estatutos e deixando a salvo o dereito de recurso dos asociados afectados.
- f. Designar as persoas que han de representar á Asociación en toda clase de Organismos Oficiais e Congresos nos que teña o dereito a estar representada, salvo que esa designación veña expresamente indicada polos organizadores.
- g. Interpretar os preceptos contidos nestes estatutos.
- h. En Xeral, tódolos asuntos de goberno da Asociación, non reservados expresamente á Asemblea Xeral.

Artigo 18.-. Os membros da Xunta Directiva, causarán baixa na mesma:

- a. Por cumprimento do tempo polo que foron elixidos, continuando nos seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que os substitúan.
- b. Por renuncia.
- c. Cando deixen de pertencer á Asociación, causando baixa inmediatamente despois de producirse aquela circunstancia, sen necesidade de esgotar o período de tempo polo que foran elixidos.
- d. Por abandono das súas funcións, sen causa xustificada, apreciada pola Xunta Directiva. Neste caso a baixa será proposta, previa votación favorable do resto dos membros da Xunta Directiva, debendo convocar Xunta Xeral Extraordinaria, para propoñer un substituto.

Artigo 19.-. O Presidente/a da Xunta Directiva, serao tamén da Asociación, e a el lle corresponde:

- a. Representar legalmente á Asociación.
- b. Convocar, presidir e levantar as sesións que celebren a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- c. Ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- d. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- e. Responsabilizarse das relacións coas diversas institucións, organismos ou entidades que corresponda, para o mellor desenvolvemento dos fins da Asociación (nesta tarefa poderá axudarse doutros membros da Xunta Directiva, ou asociados).

Artigo 20.- O/a Vicepresidente/a substituirá ao Presidente/a nas atribucións que delegue este, ou na súa ausencia.

Artigo 21.- Ao titular da Secretaría corresponde:

- a. Dar fe das actas das reunións da Asemblea Xeral e Xunta Directiva, expedindo as certificacións oportunas, cando sexa necesario.
- b. Atender a correspondencia ordinaria da Asociación.
- c. Levar os libros da Asociación que sexan legalmente establecidos, e o ficheiro de asociados, onde se rexistrarán as altas e as baixas que se produzan.
- d. Custodiar a documentación da Asociación.
- e. Recadar e custodiar os fondos da Asociación.
- f. Dar cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.
- g. Expedir os recibos das cotas ordinarias e extraordinarias cando sexa necesario.
- h. Levará un rexistro de ingresos e gastos da Asociación.

Artigo 22.- En caso de ausencia, o/a secretario/a será substituído/a por quen habilite a Xunta Directiva para actuar nese acto.

CAPITULO III.- Procedemento de admisión e perda da calidade de socio.

Artigo 23.- Poderán ser membros da Asociación, todas aqueles profesores/as:

- a) Que estean ocupando praza pola especialidade de Economía (061), en virtude de concurso de traslados.
- b) Que teñan adquirida a especialidade de Economía (061), mediante oposición, independentemente de que estean ou non ocupando praza por dita especialidade.
- c) Que impartan ou que poidan impartir docencia das materias da especialidade de Economía (061).

Sempre que o soliciten á Xunta Directiva, e estando obrigados ao abono das cotas o día un do mes inmediatamente posterior. Os socios serán ratificados na primeira Xunta Directiva que se celebre.

Artigo 24.- No caso de que algunha solicitude sexa desestimada pola Xunta Directiva, esta deberá comunicarllo ó interesado especificando claramente as causas da súa non admisión. O interesado, a partir desa notificación, poderá solicitar revisión da súa petición ante a Asemblea Xeral, mediante escrito dirixido ao Presidente da Xunta Directiva. A decisión da Asemblea será definitiva.

Artigo 25.- Perderase a condición de membro da Asociación nos seguintes casos:

- a. A vontade propia, e mediante escrito dirixido á Presidencia, no que se exporán os motivos en que se basea a solicitude de baixa.
- b. Por incumprimento das obrigas económicas ou de outra natureza, derivadas destes Estatutos. A Xunta Directiva apreciará os feitos e resolverá en consecuencia.
- c. Por expulsión, acordada pola Asemblea, cando concorran faltas graves aos fins estatutarios ou se prexudiquen notablemente os intereses ou a boa imaxe da Asociación.

No caso contemplado no apartado c), darase conta ao interesado por correo ordinario.

Artigo 26.- Contra as resolucións ditadas pola Xunta Directiva, nos casos contemplados nos apartados b) e c) do Artigo anterior, o membro implicado poderá recorrer ante a Asemblea Xeral, mediante escrito dirixido ao Presidente no prazo dun mes. Neste caso a Asemblea Xeral será necesariamente convocada no prazo dun mes, e onde serán oídas as alegacións realizadas, a resolución adoptada por este organismo non será obxecto de ningún outro recurso, debéndose dar cumprimento da súa decisión inmediatamente, previa comunicación ao interesado.

CAPITULO IV.- Dereitos e deberes dos socios.

Artigo 27.- As persoas que se integren na Asociación terán os seguintes dereitos:

- a. Asistir con voz e voto ás Asembleas Xerais.
- b. Elixir e ser elixidos para ocupar cargos na Xunta Directiva.
- c. Recibir información sobre temas relacionados coa Economía e os que en Xeral sexan de interese común.
- d. Efectuar propostas á Xunta Directiva, de ámbito Xeral ou particular e, caso de ser rexeitadas, reproducilas en Asemblea Xeral, para a súa nova consideración por esta.

- e. Solicitar por escrito á Xunta Directiva, a inclusión de calquera asunto na orde do día da próxima Asemblea Xeral.
- f. Estar debidamente informado das actividades da Asociación.
- g. Participar, en igualdade de condicións, en tódalas actividades que organice a Asociación, en cumprimento dos seus fins.

Artigo 28.- Son obrigacións dos asociados as seguintes:

- a. Cumprir os presentes Estatutos e os acordos adoptados pola Asociación en Asemblea Xeral.
- b. Contribuír coas aportacións económicas acordadas, e colaborar para o mellor desenvolvemento e cumprimento dos fins da Asociación.
- c. Defender o prestixio da Asociación, non realizando actos públicos ou manifestacións que menoscaben a súa imaxe ou prexudiquen a imaxe dos seus órganos directivos.
- d. Colaborar no desenvolvemento das actividades que organice a Asociación.

Artigo 29.- a Xunta Directiva da Asociación será o único órgano competente para dar comunicados a os medios de difusión, prensa, radio e televisión, cando aqueles se refiran a asuntos da Asociación.

CAPITULO V.- Patrimonio fundacional, recursos económicos previstos e límites do presuposto anual.

Artigo 30.- A Asociación terá patrimonio propio e independente. Funcionará con réxime de presuposto anual. No momento da fundación esta Asociación carece de patrimonio. A contía inicial das cotas dos socios será de 15 euros, que serán destinadas a nutrir os fondos da Asociación.

Esta mesma cantidade establécese como cota anual revisable anualmente.

Artigo 31.- Os recursos económicos para atender os fins da Asociación serán:

- a. As cotas anuais dos membros asociados. A contía é establecida en Asemblea Xeral Ordinaria. Estas serán revisadas anualmente.
- b. As cotas extraordinarias que, no seu caso, poda fixar a Asemblea Xeral.
- c. Doazóns de entidades ou persoas, subvencións de organismos públicos ou privados.
- d. Calquera outro ingreso ou doazón que se produza de acordo coa lei.

Artigo 32.- O presuposto elaborarase para o período dun ano natural. Na súa elaboración teranse en conta os ingresos previsibles e as necesidades da Asociación. Será presentado pola Xunta Directiva para a súa aprobación en Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 33.- Queda expresamente excluído como fin da Asociación o ánimo de lucro. Os cargos electos da Asociación non serán retribuídos; podéndose resarcir os gastos ocasionados por actividades en pro da Asociación, nas condicións que se determinen.

CAPITULO VI.- Disolución e aplicación do capital social.

Artigo 34.- A Asociación constitúese por tempo indefinido. Non obstante, disolverase nos seguintes casos:

- a. En virtude de acordo adoptado polas dúas terceiras partes dos asociados, en Asemblea Xeral, convocada para tal fin.
- b. Polas causas previstas na lexislación vixente.

Artigo 35.- En caso de disolución da Asociación, os seus bens destinaranse, unha vez liquidadas as débedas, na forma prevista no Artigo 39 do Código Civil, salvo que por acordo expreso da Asemblea Xeral que votou a disolución, e sempre dentro das marxes establecidas pola Lei, que se determine como beneficiario algunha entidade ou Asociación, cuns fins idénticos ou análogos aos desta, ou outros de interese social.

CAPITULO VIII.- Reforma dos estatutos.

Artigo 36.- Os presentes Estatutos estarán vixentes, sen limitación de tempo, en tanto non sexan modificados conforme ao procedemento establecido no Artigo seguinte.

Artigo 37.- Os Estatutos reformaranse a proposta da Xunta Directiva, ou por acordo, con maioría simple, adoptado en Asemblea Xeral.

As reformas propostas serán aprobadas en Asemblea Xeral, coa votación favorable das dúas terceiras partes dos asistentes.

Disposición transitoria.-

Na Asemblea constituínte elixíranse os compoñentes da primeira Xunta Directiva, que estará composta provisionalmente, por un Presidente/a, un Secretario/a e unha vicepresidenta/o. Esta Xunta Directiva terá como funcións prioritarias durante o primeiro ano poñer en funcionamento a Asociación a efectos de rexistro, organización inicial, representación e cumprimento dos fins da Asociación. Esta directiva terá carácter provisional, ate que se celebre o primeiro congreso.

Disposición final.-

O establecido nos presentes Estatutos, entrarán en vigor no mesmo momento en que sexan cumpridos tódolos trámites legais para a súa aprobación.